



**DECRETO**

Resultando que se levou a cabo á incoación do expediente administrativo EXPCON4SE24-ABO, co obxecto de proceder á contratación dos servizos de limpeza nos parques comarcais de bombeiros que xestiona o consorcio provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento.

Visto o informe no que se xustifica a necesidade de proceder a contratación de referencia emitido pola Xerencia do Consorcio, o informe xurídico da Secretaría-Intervención da entidade e demais documentos que obran no expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.

Polo anteriormente exposto, en uso das facultades que me confire o artigo 14 dos Estatutos do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

**RESOLVO:**

I.- Aprobar a contratación dos servizos de limpeza nos parques comarcais de bombeiros que xestiona o consorcio provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento – EXPCON4SE24-ABO.

II.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

III.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; e dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es))

IV.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que é de 70.524,24€, incluíndo o importe sobre o valor engadido (IVE), de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP. O orzamento, sen considerar impostos, é de 58.284,50 €, aos que habería que engadir 12.239,74 € en concepto de IVE (21%) o que fai o total de 70.524,24 €, de acordo co seguinte detalle por LOTES para un ano de duración do contrato:


**LOTE 1. Parques do Norte**

Correspondente aos parques de Barreiros, Vilalba e Viveiro: 29.348,25 €, aos que habería que engadir 6.163,13 € en concepto de IVE (21%) o que fai un total de 35.511,38 €.

**LOTE 2. Parques do Sur**

Correspondente aos parques de Chantada, Monforte e Sarria: 28.936,25 €, aos que habería que engadir 6.076,61 € en concepto de IVE (21%) o que fai un total de 35.012,86 €.

	IV7XE7XIZIWP7LFNATWNPZLHE4	<b>Fecha y Hora</b>	17/06/2024 18:44:08
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO-INTERVENTOR)		
<b>Firmado por</b>	PILAR GARCÍA PORTO (PRESIDENTE (P.D.))		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XE7XIZIWP7LFNATWNPZLHE4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XE7XIZIWP7LFNATWNPZLHE4</a>	<b>Página</b>	1/2



Tendo en conta que a data estimada de inicio da prestación obxecto desta contratación será no mes de xullo do 2024, a previsión do gasto por anualidades resúmese na seguinte táboa:

LOTE	ANUALIDADE 2024 (IVE engadido)	ANUALIDADE 2025 (IVE engadido)	TOTAL (IVE engadido)
LOTE 1. Parques do Norte	17.755,69 €	17.755,69 €	35.511,38 €
LOTE 2. Parques do Sur	17.506,43 €	17.506,43 €	35.012,86 €
<b>TOTAIS</b>	35.262,12 €	35.262,12 €	70.524,24 €

As obrigas que se deriven da presente contratación, segundo se recolle na certificación da secretaría intervención, financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 136.22700: "LIMPEZA E ASEO",. Existe consignación nas aplicacións orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2024, pola cantidade de 35.262,12 €, para a anualidade 2024.

O Consorcio adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2025 as cantidades indicadas ou as que resulten da adxudicación, na aplicación sinalada no parágrafo anterior.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

Prevense modificacións do contrato en aplicación da DA.33 da LCSP e de acordo co disposto no artigo 204 da LCSP. En caso de que as necesidades reais fosen superiores ás estimadas inicialmente para cada lote, circunstancia que deberá estar debidamente acreditada no expediente, poderá modificarse o contrato co límite máximo do 20 % do prezo inicial de cada lote.

O SECRETARIO- INTERVENTOR

O PRESIDENTE DO CONSORCIO  
PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS,  
P.D. Decreto de data 07-09-2023  
A REPRESENTANTE DA EXCMA.  
DEPUTACIÓN DE LUGO NO  
CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA  
INCENDIOS

	IV7XE7XIZIWP7LFNATWNPZLHE4	Fecha y Hora	17/06/2024 18:44:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO-INTERVENTOR)		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO (PRESIDENTE (P.D.))		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XE7XIZIWP7LFNATWNPZLHE4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XE7XIZIWP7LFNATWNPZLHE4</a>	Página	2/2

